

A longa viaxe, de Ismaël Ferroukhi



Tít. orixinal: La grand voyage

Ano: 2004

Duración: 108 min.

País: Marrocos

Dirección: Ismaël Ferroukhi

Guión: Ismaël Ferroukhi

Música: Fowzi Guerdjou

Fotografía: Katell Djian

Reparto: Nicolas Cazalé, Mohamed Majd, Roxane Mesquida, Kamel

Belghazi, Jacky Nercessian, Ghina Ognianova

Producción: coproducción Marrocos-Francia

Xénero: drama. Road movie

Sinopse: A longa viaxe narra a viaxe dun pai e o seu fillo dende o sur de Francia ata A Meca. Os dous pertencen a unha cultura na cal a comunicación entre ambos é difícil pero non imposible. O abismo entre eles (xeracional, cultural e lingüístico) é máis grande debido á súa condición de exiliados en Francia. Ao longo desta viaxe lograrán entender que é o que os separa pero tamén o que os une.

CRÍTICA, por Alí Jaafar

(SIGHT AND SOUND, vol.15, issue 11)

A peregrinación á Meca é un dos cinco piares do Islam, un rito que todo musulmán, que non sexa incapacitado, debe realizar unha vez na súa vida. Esta non foi a primeira vez que a un equipo de rodaxe se lle permitiu entrar na Meca. "A longa viaxe", de Ismael Ferroukhi, constitúe unha elocuente presentación do Islam (e da relixión en xeral) así como unha visión persoal da relación entre un pai e un fillo.

Esta película retrata a viaxe de Reda, un estudante universitario máis interesado na súa noiva non musulmán que en estudar o Corán, e do seu devoto pai, que quere facer a peregrinación antes de morrer. Nesta épica viaxe se intercalan imaxes das diminutas figuras de protagonistas sobre a nevada paisaxe de Bulgaria, dun xeito que lembra a Abbas Kiarostami, con amplos fotogramas das poeirentas paisaxes sirias bañadas de sol. Pero o director mantén a súa visión panorámica centrada na viaxe interna de ambas personaxes.

Mentres que as *road movies* son unha convención cinematográfica, o enfoque minimalista de Ferroukhi evita todos os clichés. Con moi pouca información e breves diálogos, a relación entre ambos vaise desenvolvendo lenta e sutilmente. O resultado é



unha visión afeitiva da natureza da fe, o sacrificio e o amor entre pai e fillo. Ao principio, Reda fai o típico papel de inmigrante de segunda xeración, cultural e emocionalmente afastado do seu pai marroquí. Mentres o seu pai fala o dialecto árabe do norte de África, Reda responde en francés. A medida que conducen por Turquía, Ferroukhi introduce a personaxe de Mustafa, un turco revoltoso e traveso. Neste punto, "A longa viaxe" se converte nun tripló

reflexo do Islam e da súa aplicación no século XXI, especialmente en occidente. Ferroukhi declarou que fixo esta película para rehumanizar unha comunidade cuxa reputación foi manchada por unha minoría extremista que utiliza a relixión con fins políticos. Afortunadamente, Ferroukhi, que é el mesmo un inmigrante marroquí nado en Francia, desenvolve unha frutífera liña de investigación. Fronte ao "lenzo en branco" que representa Reda, o pragmatismo e o bo humor de Mustafa e a severidade do pai se traducen en influencias contraditorias. A "noite tola" que pasa Reda con Mustafa parece ter consecuencias desastrosas: o mozo levántase cos berros do seu pai que asegura que Mustafa lles roubou cartos. Pero si aquí podería suxerirse unha "lección moral", o director a descarta desvelando que os cartos estaban no coche.



A medida que se achegan á Meca, o pai, visiblemente debilitado, explica a Reda que a peregrinación debe ir acompañada de dificultades. A súa explicación échese de compaixón e humor, co que o director pon de manifesto a súa última mensaxe: a necesidade de tolerancia e comprensión.

A reconciliación final, cando ambos entenderon e aceptaron o dereito individual de cada un a crer e expresarse, é a parte máis eficaz.

Afortunadamente, Ferroukhi non desenvolve un gran discurso en nome de Reda: o seu pai e os outros peregrinos rezan mentres Reda escribe o nome da súa noiva na area. O amor, como nos lembra Ferroukhi, é a reposta.